

Resolución do 19 de xullo de 2023 pola que se amplía a dotación orzamentaria determinada na Resolución do 30 de decembro de 2022, pola que se regula a xestión en Galicia do programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, para promotores públicos e privados, distintos do IGVS e se procede á súa convocatoria (código de procedemento VI406J).

O 7 de febreiro de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 30 de decembro 2022, pola que se regula a xestión en Galicia do programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, para promotores públicos e privados, distintos do IGVS e se procede á súa convocatoria (código de procedemento VI406J).

O ordinal terceiro desa resolución determina que as subvencións previstas para este programa faranse efectivas con cargo as aplicacións orzamentarias 08.81.451B.760.8 e 08.81.451B.770.8, polos seguintes importes:

Aplicación	Anualidade	Importe (en euros)
08.81.451B.760.8	2023	1.500.000,00
	2024	1.050.000,00
	2025	900.000,00
	2026	750.000,00
08.81.451B.770.8	2023	1.500.000,00
	2024	1.050.000,00
	2025	900.000,00
	2026	750.000,00

O punto 2 do mesmo ordinal determina que de conformidade co establecido no artigo 67.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

Ademais, no punto 3 establece que as contías establecidas nesta convocatoria poderán ser obxecto de ampliación por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, tendo efecto despois da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro.

En virtude do anterior,

RESOLVO

Ampliar a dotación orzamentaria de fondos con cargo aos créditos dispoñibles, para a anualidade 2024 en 2.687.500 euros para cada unha das aplicacións orzamentarias establecidos no ordinal terceiro da nomeada resolución, resultando o crédito total co seguinte detalle:

1. Na aplicación orzamentaria destinada a entidades locais:

Aplicación orzamentaria	Anualidade	Crédito inicial (en euros)	Crédito final (en euros)
08.81.451B.760.8	2023	1.500.000,00	1.500.000,00
	2024	1.050.000,00	3.737.500,00
	2025	900.000,00	900.000,00
	2026	750.000,00	750.000,00
	TOTAL	4.200.000,00	6.887.500,00

2. Na aplicación orzamentaria destinada a promotores privados:

Aplicación orzamentaria	Anualidade	Crédito inicial (en euros)	Crédito final (en euros)
08.81.451B.770.8	2023	1.500.000,00	1.500.000,00
	2024	1.050.000,00	3.737.500,00
	2025	900.000,00	900.000,00
	2026	750.000,00	750.000,00
	TOTAL	4.200.000,00	6.887.500,00

Esta ampliación non implica apertura dun novo prazo para presentar solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral do IGVS
Heriberto García Porto

